

Desalojan y tapian el CSO Escárnio e Maldizer, 3 años de autogestión en el casco viejo de Compostela

SERMOS GALIZA :: 31/05/2017

[Gal/Cast] A las 20:00 horas se ha convocado una concentración de solidaridad con el CSOA Escarnio e Maldizer. Será en la plaza del 8 de marzo.

[Galego]

Desaloxan e tapian o CSO Escárnio e Maldizer, 3 anos de autoxestión na zona vella compostelá

Policía cargou e retivo dúas persoas. Hai convocada unha concentración ás 20:00 horas desta terza feira na Praza 8 de Marzo. O Concello decretou a paralización do tapiado con bloques por se tratar dun inmovble protexido no casco histórico da capital galega. Compostela Aberta e BNG, críticos coa actuación policial.

En 2011 a agrupación de baile *Cantigas e Agarimos* abandonaba o local que usaba desde había anos na Rúa de Algalia, en pleno corazón de Compostela, para marchar cara o barrio do Castiñeiriño. Ficaba así sen vida un enorme caserón na zona vella da capital galega até que a comezos de 2014 foi ocupado, dando lugar así ao [CSOA Escárnio e Maldizer](#), que ao longo destes tres anos foi epicentro de non poucas actividades e iniciativas, sempre desde a marxe e desde abaixo, en Compostela. *“O espaço foi ocupado pondo em causa a propriedade privada e a gestom miserável e ruinosa levada a cabo polo Capital, dando pé a gente que tivera algunha iniciativa sem passar pola mediaçom do dinheiro e o lucro pessoal, tecendo laços de solidariedade e cumplicidade”*, indican na súa web.

Na mañá desta terza feira **furgonetas de antidisturbios da Policía**

Nacional posicionábanse na contorna do CSOA. Axentes das forzas de seguridade entraban no edificio para facer efectiva unha orde xudicial de desaloxo. Segundo testemuñas, non había ninguén no interior. A nova da presenza policial espallouse a través das redes sociais e en poucos minutos xa había concentrada nas inmediacións un pequeno grupo de persoas. *“Entón **cargou a Policía**”*, afirma unha testemuña en conversa con *Sermos Galiza*, que indica que os axentes **procederon a reter a dúas persoas** (A.S.O. e D.C.C.). Ambas as dúas xa foron postas en liberdade após lles abrir expediente sancionador. A carga, sinalan varias fontes, foi desproporcionada e deixou feridas e contusións a varias persoas.

Aos poucos, máis xente foi achegándose até a zona. Ás once da mañá o número de persoas concentradas na Rúa de Casas Reais - próxima á Algalia- camiñaba cara o cento. Mentres, un grupo de operarios procedían a tapiar con bloques os accesos ao caserón que acollía o centro social ocupado. *“Un desaloxo, outra ocupación”* foi unha das palabras de orde dos concentrados.

Segundo outra das testemuñas a *Sermos Galiza*, antes de proceder a tapiar os accesos non se procedeu a sacar do interior o diverso material (unha biblioteca de libros, mobiliario...)

que había no centro.

Nun comunicado, **Compostela Aberta**, organización que goberna no concello da capital de Galiza, rexeita o desalojo por entender que “non é o xeito adecuado de proceder por parte das institucións públicas”, indicando que o CSOA “non presenta ningún problema nin de convivencia nin de seguridade. Ben ao contrario”. Ademais, O **Concello decretou a paralización do tapiado** no local desalojado por tratarse dun inmovible protexido no casco histórico.

De por parte, o **BNG de Compostela** consideran “desproporcionada” a actuación das forzas de seguridade. Reclaman, ademais, o uso público do local de *Cantigas e Agarimos* que, dende 2011, quedara sen utilizarse “pese á necesidade dun espazo para organizar actividades socioculturais nesta área”.

Para as 20:00 hai convocada unha concentración de solidariedade para co CSOA Escarnio e Maldizer. Será na Praza 8 de Marzo.

[Castellano]

Desalojan y tapian el CSO Escárnio e Maldizer, 3 años de autogestión en el casco viejo de Compostela

La Policía cargó y retuvo a dos personas. Hay convocada una concentración a las 20:00 horas de estatarde en la plaza del 8 de marzo. El Concello decretó la paralización del tapiado por tratarse de uninmueble protegido en el casco viejo de la capital galega. Compostela Aberta y BNG, críticos con la actuación policial. En 2011 el grupo de [...]

La Policía cargó y retuvo a dos personas. Hay convocada una concentración a las 20:00 horas de estatarde en la plaza del 8 de marzo. El Concello decretó la paralización del tapiado por tratarse de uninmueble protegido en el casco viejo de la capital galega. Compostela Aberta y BNG, críticos con la actuación policial.

En 2011 el grupo de baile *Cantigas e Agarimos* abandonaba el local que usaba desde hacia años en la ccalle Algalia, en pleno corazón de Compostela, para marchar al barrio de Castiñeiriño. Quedaba así sin vida un enorme caserón en la zona vieja de la capital gallega y que a principios del 2014 fue okupado, dando lugar así al **CSOA Escárnio e Maldizer**, que a lo largo de estos tres años fue epicentro de no pocas actividades e iniciativas, siempre desde la base y desde abajo, en Compostela. *“El espacio fue okupado para socavar la propiedad privada y la gestión miserable y ruinosa llevada a cabo por el capital, , dando pie a que la gente que tuviera alguna iniciativa sin pasar por la mediación del donero o el lucro personal, tejiendo lazos de solidaridad y complicidad” indican en su web.*

En la mañana de hoy, varias furgonetas de antidisturbios de la policia nacional se posicionaban en las inmediaciones del CSOA. Los agentes entraron en el edificio para hacer cumplir una orden judicial de desalojo. Según los testigos, no había nadie en su interior. La

noticia de la presencia de la policía se ha propagado rápidamente a través de redes sociales y en pocos minutos ya se concentraban en las inmediaciones un pequeño grupo de personas. “Entonces cargó la policía” dijo un testigo en una conversación con SERMOS Galiza, lo que indica que los agentes procedieron a retener a dos personas (A.S.O. D.C.C.). Ambos ya han sido puestos en libertad después de abrirles un expediente disciplinario. En la carga, según han indicado varias fuentes, fue desproporcionada y dejó heridas y contusionadas a varias personas.

Poco a poco, más gente se ha ido acercando a la zona. A las once de la mañana el número de personas concentradas en la Rúa de Casas Reais - al lado de la Algalia- se elevaba al centenar. Mientras tanto, un grupo de operarios procedin a tapiar con bloques los accesos a la casa que acogió el centro social ocupado. “Un desalojo, otra ocupación” gritaban los concentrados.

Según otros testimonios a *Sermos Galiza*, antes de proceder a tapiar los accesos se procedió a sacar del interior de material diverso (una biblioteca , muebles ...) que estaban en el centro.

En un comunicado, ***Compostela Aberta***, la organización que gobierna el municipio de la capital de Galicia, rechaza el desalojo de entender que “no es la forma correcta de proceder por parte de las instituciones públicas”, indicando que el CSOA “no presentaba ningún problema ni la convivencia ni en la seguridad, sino al contrario “. Además, el Consejo decretó la paralización del tapiado del local desalojado por tratarse de un inmueble protegido en el casco histórico.

Por otra parte, el BNG de Compostela considera “desproporcionada” la actuación de las fuerzas de seguridad. Exige también el uso público de las *Cantigas e Agarimos* que, desde 2011, se habían quedado sin utilizar “a pesar de la necesidad de un espacio para organizar actividades sociales y culturales en esta área.”

A las 20:00 horas se ha convocado una concetración de solidaridad con el CSOA **Escarnio e Maldizer. Será en la plaza del 8 de marzo.**

<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/desaloxan-tapian-cso-escarnio-maldizer/20170530111900058038.html>

<https://galiza.lahaine.org/desalojan-y-tapian-el-cso>